

Narrativa

O home da miña vida

Manuel Pereira Valcárcel

A Myriam Ameer e a Silvia Andrade

—Bo día, Bea. Que tal?

—Ai, Ana! Moi feliz. Desbordo de alegría. Coñecín o home da miña vida.

—“O home da miña vida”, xa será algo menos.

—Nada menos. O home da miña vida, tal como soa.

—Vale, vale. Parabéns, logo! E como é tan rechamante personaxe?

—É adorable. Unha verdadeira delicia. Ten unha face morena de faccións perfectas, os ollos verdes e o cabelo negro, nin corto de máis nin tampouco longo en exceso. É alto, guapo e ben posto.

—Pero existen eses homes?

—Xa o creo! Ao menos hai un. E con que haxa un, xa vale. Para min é abondo.

—Sempre pensaches só en ti...

—Adán, chámase Adán.

—Adán! Non me digas que o atopaches no Paraíso.

—Non, atopeino no coche de liña. Pero pódome dicir que onde el está, alí é onde se atopa o Paraíso.

—Claro, con tanta viaxe como fas, era visto. Un día ou outro tiña que ser...

—Estou nunha nube.

—A ver se estás enganada e non foi nun autocar onde apareceu, senón nun avión.

—Ti tómallo a broma mais non é ningunha brincadeira. É real.

—Real, como a vida mesma? Ou que é un rei?

—Real, real. Que existe, que se ve, que fala, que respira, e que inspira.

—Pois si que debe pagar a pena. Non me estraña a túa euforia.

—Dígoche máis, seméllalle a Alain Delon en *A pleno sol*. Reservado, clásico, seguro de si mesmo, afoutado, ambicioso, atento...

—Para, para, para. Pois si que ten virtudes.

—Non, virtudes, non. As virtudes para os santos. El ten calidades e un temperamento impecable. Unha xoia auténtica.

—Meu Deus, Alain Delon! Alain Delon foi o mito das nosas nais, que digo nais!, das nosas avoas! Ti namorácheste dun home vello.

—En absoluto. Alain Delon foi novo, e aínda o é, sempre é novo nas súas películas e na miña lembranza.

—A memoria é unha fábrica de recordos resesos.

—Eu só pretendía contarche o motivo da miña alegría e non escoitar unha sentenza...

—Non, eu non te xulgo pero eu penso que ti tes unha gaiola na cabeza.

—Non, teño os pés pousados no chan. Pero estou falando de amor. Sabes?, amor. E o amor é paixón ou non é nada. Se lle quitas a paixón e a vertixe ao amor, que che queda? Un farrapo soamente, un tempo amorfo, a imitación dunha mala novela.

—Si, si, o que ti queiras. Eu só pretendo dicirche que tes trinta e dous anos, non es ningunha adolescente inxenua.

—Claro que non son inxenua.

—Pois dá a impresión de que ti idealizaches un home normal. Máis guapo ca moitos, pode ser; mais unha persoa coma outra calquera. É todo.

—É todo, é todo... Ti non comprendes un corazón feliz.

—Eu comprendo ben un “corazón feliz” pero o que non comprendo é unha cabeza liviá e caprichosa.

—É o home da miña vida, asegúrocho! Non é ningún antollo de mociña léveda.

—Pois, mira, xa que o dis, si, quizais teñas fermento de máis no teu corazón.

—O corazón tense que mover, constantemente. Non pode parar.

—O que che quero dicir é que talvez che sobre un algo de alborozo.

—Non sobra, non. O que sucede é que ti non es nada romántica. Ti es unha analista fría que rexeita os soños.

—Eu non refugo os soños, non. Pero eu soño exclusivamente cando durmo. Durante o día eu non soño, penso.

—Que vida a túa! Triste, sen emoción, sen fervenzas, sen risco.

—Non, non te compadezas de min. Estou ben como estou, non boto nada en falla.

—Se non se voa non se pode tocar o ceo!

—Tamén voan os foguetes, pero chegados a un punto estoupan e caen.

—Pero mentres soben, arden...

—Ben, fai como queiras. É a túa vida. Sigue a voar. Pero despois non chores, cando te precipites á terra.

—Tranquila, sei caer e tamén me sei erguer.

—Mira, unha cousiña, xa para rematar: Adán é o home da túa vida, fica claro; e ti, ti es a muller da súa vida?

—Evidentemente. Eu son a muller da súa vida para todos os homes da miña vida.